



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Enfermedades Raras e Crónicas (FEGEREC), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e do mantemento da federación.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Enfermedades Raras e Crónicas (FEGEREC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2019 ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o mantemento da federación e as seguintes prestacións:- Ofrecer unha atención social integral ao colectivo de persoas que representa, de cara a conseguir a plena integración social destas persoas, dando cobertura a aquelas necesidades sociais comúns que non poden ser atendidas na súa totalidade polas canles habituais.- Informar dos servizos da federación, así como fomentar a relación de axuda para resolver dificultades de carácter sociosanitario.- Promover e potenciar as axudas e apoios para promoción da autonomía persoal destes colectivos de enfermos crónicos.- Informar, asesorar e/ou tramitar documentación ás persoas afectadas e ás súas familias sobre recursos, dereitos e outros beneficios de carácter socioeconómico, laboral e sanitario, ao que lle da acceso a súa situación de enfermidade. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte: a entidade aparece expresamente refectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei de Contratos do Sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2019.

